

Unha semana máis tarde coñecina na parada do autobús.
Gustáronme os seus ollos e as súas pulseiras.

Outra vez vira no patio de recreo, paseando baixo as árbores.
Devolveume o balón que caeu ao seu lado e sorriume, outra
cosa que me gustou.


De volta a casa achegueime e pregunteille:

— Es nova, verdade? Como te chamas? De onde ves? A que
clase vas?

— ¿Que pregunta te contesto primeiro? - respondeume.

Os dous rimos e estivemos falando ata chegar á parada.

Ao día seguinte inviteina a xogar no meu equipo. Ela aceptou
sorpresa, e... ese día gañamos!




Eu vou á clase do lado, e desde entón pasamos moito tempo
xuntos. Xa non se sente sola, porque desde aquel día os dous
somos amigos.

Onte, Mistral contome que pola mañá, cando se miraba no
espello para peitearse, colleuse o pelo e gustoulle verse, tal
cal.

Fíxose unha coleta e despediuse do espello cun sorriso.

Di que de agora en adiante peitearase sempre así.



MISTRAL

Adaptación da obra de Javier Sobrino - EDICIÓN PLANETA OXFORD



30 DE XANEIRO DE 2009
DIA DA PAZ

BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira





Mistral é unha nena de corpo delgado, pelo negro e labios sorrintes. Os seus ollos parecen tristes porque, como ela di, a súa pel está pintada.

Mistral naceu cun lunar escuro e grande no lado esquerdo da súa cara e a súa mancha non se quita nin con auga nin con xabón.

Os días de vento soña con voar como as cegoñas, e nas noites escuras ten medo aos vagalumes.

A Mistral encántalle bañarse no río, e quere aprender todo o que poida sobre o mundo das bolboretas, entusiásmalle, todas tan distintas e pintadas de mil e unha cores.

Hai dous meses que chegou a San Martín, o meu pobo. Vive co seu pai e o seu can Momo na casa azul, xunto á ponte.

No primeiro día de clase, Mistral estaba un pouco nerviosa e suáballe as mans.

Seu pai deuse de conta de que algo sucedía e mentres

- Estás preocupada, Mistral?
- Un pouco - contestou.
- Tranquila, xa verás como todo irá ben.

Mistral gardou silencio e dun sorbo terminou o leite con cacao. Bicou ao seu pai, despediuse de Momo e saíu cara ao colexio.

Era a única nova, como me pasou a min vai catro anos.

Na súa clase todos se coñecían. A súa compañeira de mesa non lle deu nin os bos días, e tampouco respondeu cando Mistral a saudou.



Estivo inqueda todo o tempo, tiña medo que os demais lle viran a cara, a súa mancha escura. O seu pelo escondía a metade do rostro, pero tamén lle impedía ver con claridade. Afortunadamente ninguén se deu de conta.

Á mañá seguinte, a profesora de matemáticas, chamouna para resolver un problema no encerado. A Mistral empezáronlle a suar as mans e o xiz esvaroulle entre os dedos. O pelo caíalle sobre os ollos e non a deixaba ver ben, e ao botalo para atrás deixou o lunar á vista de todos.

A aula encheuse de murmurios, comentarios e risas que continuaron no recreo. Á saída, moitas foron as miradas que

buscaron o seu rostro e algúns a sinalaron mentres falaban en voz baixa.

Aquela tarde Mistral non saíu da casa, quedouse lendo, vendo a televisión e xogando con Momo.

Os seus ollos verdes estiveron tristes, tanto que pola noite se encheron de lágrimas mentres escoitaba o conto que seu pai narraba.

— Non quero volver a ese colexio! Quero regresar a Valsalaida! Non tiñamos que ter vido nunca!

— Que pasou Mistral, por que choras?

Contóullelo todo e seu pai, apertándoa contra o seu peito, muiñoulle:

— Tes que ser forte, ti es así. Ás persoas sucedenos o mesmo que ás bolboretas, todas somos distintas.

— As bolboretas non teñen todas as mesmos cores, nin as súas ás son do mesmo tamaño; igual que as persoas, todos somos diferentes. Non te desesperes, xa verás como pronto tes amigos. Os días seguintes non foron alegres; Mistral sentiuse observada, triste e soa.

